

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución económica idioma 1: Francés-Galego				
Materia	Tradución económica idioma 1: Francés-Galego			
Código	V01G230V01803			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	4	2c
Lingua de impartición				
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Fernandez Rodriguez, Aurea			
Profesorado	Fernandez Rodriguez, Aurea			
Correo-e	aurea@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia será impartida en francés e en galego (50%-50%) e ten como obxectivos: a) afondar nos procedementos e técnicas da tradución especializada e analizar as dificultades que presenta un texto do ámbito económico e financeiro. b) mellorar a tradución de diversos tipos de textos do ámbito económico financeiro, amosando a capacidade de comprensión e de expresión nas dúas linguas de traballo. Parte directa: 50% Parte inversa: 50%			

Competencias	
Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
C2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
C4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
C5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada
C8	Destreza para a procura de información/documentación
C13	Optimización de toma de notas, elaboración de resumos, síntese e reexpresión
C22	Destrezas de tradución
C26	Coñecementos temáticos básicos de cada unha das especializacións
D4	Resolución de problemas
D8	Compromiso ético e deontolóxico
D22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica

Resultados de aprendizaxe	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe

COMPETENCIA COMUNICATIVA E CULTURAL: Comprender textos de carácter económico redactados na lingua de partida e de chegada relacionados tanto coa economía doméstica como internacional. SUBCOMPETENCIA: Mellorar o coñecemento das institucións, do ámbito económico e financeiro de cada unha das culturas onde se empregan as dúas linguas de traballo e a súa relación co resto das economías mundiais. Lograr entender e traducir calquera texto de carácter económico e financeiro tanto da lingua estranxeira cara á lingua propia como á inversa, é dicir, da lingua propia á lingua estranxeira.	A1 A2 A4 A5	C4 C5 C8 C26	D4 D22
COMPETENCIA TEXTUAL: comprender a estrutura e os principios organizadores dun texto especializado do ámbito económico e financeiro. SUBCOMPETENCIAS: coñecer os diferentes tipos de texto de carácter económico e/ou financeiro (periodísticos, contratos, estatutos, páxinas web, cartas comerciais, artigos de revistas especializadas ...) e as súas características (informativos, argumentativos, expositivos...)	A1 A2 A4 A5	C4 C5 C8 C13 C22 C26	D4 D22
COMPETENCIA TRADUTORA: adquirir as diferentes competencias precisas para traducir un texto especializado de carácter económico e financeiro. SUBCOMPETENCIAS: Perfeccionar a análise dos distintos axentes que interveñen no proceso de tradución (autor, mediador, tradutor, cliente, lector...) e a función comunicativa do texto. Analizar textos especializados con vistas á súa tradución. Mellorar o coñecemento das distintas técnicas e estratexias de tradución. Identificar os problemas de tradución que presenta un texto especializado de carácter económico ou financeiro, aprender a resolvelos e argumentar as escollas. Aprender a documentarse e traballar con textos paralelos e outros recursos segundo o problema que será preciso resolver. Avaliar os recursos terminográficos e documentais para a tradución especializada (Internet como recurso terminográfico e documental). Traballar as normas de revisión e presentación de traducións. Familiarizarse co mercado laboral. Desenvolver habilidades de traballo en equipo e adquirir un compromiso deontolóxico.	A1 A2 A3 A4	C2 C4 C5 C8 C13 C22 C26	D4 D8 D22
COMPETENCIA LINGÜÍSTICA: perfeccionar o dominio das dúas linguas de traballo (francés-galego-francés) tanto a nivel sintáctico, gramatical, morfolóxico, lexicolóxico, terminolóxico como fraseolóxico. SUBCOMPETENCIAS: coñecer tanto as diferenzas como as similitudes dos dous sistemas linguïsticos e das linguas de especialidade para dominar as técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada económica financeira. Dominar conceptos básicos de caracter macroeconómico e microeconómico.	A1 A4	C2 C4 C5 C8 C13 C26	D4 D22

Contidos

Tema	
1. Introdución.	1. Conceptos básicos: sistema financeiro económico actual, macroeconomía, microeconomía...
2. O sistema económico actual. Os mercados financeiros.	2. Mercados financeiros: actores, intermediarios, organismos de supervisión... O papel da Bolsa e dos demais mercados financeiros na economía real, actores e axentes económicos (funcións)...
3.Textos económicos e financeiros. 3. Exercicios prácticos de tradución	3 Características e especificidades dos textos económicos e financeiros: 3.1. Textos periodísticos do ámbito económico e financeiro, contratos, estatutos, páxinas web de empresas, cartas comerciais, CV., etc. 3.2. Tipoloxías textuais . Problemas específicos da tradución económica e financeira 3.3. Tradución como actividade profesional. Contrato de tradución. Crítica de tradución.
4. O mercado da tradución económica e financeira en Galicia, Francia e outros países francófonos que manteñen relacións comerciais coa Comunidade Autónoma galega. As necesidades lingüísticas das empresas en expansión con sede en Galicia (sector aeroespacial, automobilístico e naval).	O tradutor no seu contexto Ética e responsabilidade do tradutor 3.4. A correspondencia comercial

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	6	15	21
Resolución de problemas	26	48	74
Traballo tutelado	2	19	21
Presentacións/exposicións	4	10	14
Prácticas autónomas a través de TIC	2	10	12
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	4	0	4

Probas de resposta curta	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Neste apartado de 2h a docente presentará a programación, explicando polo miúdo os contidos, os traballos que hai que realizar e comentará tamén a bibliografía e as lecturas obrigatorias do curso, así como o sistema de avaliación. Diagnóstico para coñecer o nivel inicial do alumnado nas dúas linguas de traballo (mediante test en francés e galego ou texto modelo con preguntas)
Lección maxistral	As 6h de sesión maxistral destinaranse a explicar ao alumnado os diferentes tipos de mercados financeiros, o sistema económico actual e conceptos macroeconómicos básicos así como as competencias específicas da tradución económica e financeira. Malia estaren no apartado de sesións maxistrais, as clases serán de índole participativa e estarán apoiadas por un soporte práctico.
Resolución de problemas	Neste apartado de 26 horas, realizaranse análises de textos, resumos e esquemas, exercicios de tradución con textos adaptados ao nivel do alumnado de Tradución económica Idioma I, así como a resolución de problemas propios dese nivel (dificultades de tradución) ou exercicios aplicados á teoría para traballar as competencias propias á tradución económica. Deberanse entregar na plataforma FAITIC e en versión papel TODAS as traducións debidamente revisadas con control de cambios e maquetadas. Deberanse identificar da seguinte forma: APELIDO+NOME+TÍTULO_DOC_V/TH O alumnado deberá realizar 2 GLOSARIOS (1 DIRECTA- 1 INVERSA) para cada ámbito temático abordado. Os termos especializados extraeranse dos textos traducidos e dos textos paralelos (corpus) empregados durante o curso. Este corpus servirá de ferramenta para realizar as traducións e para o traballo escrito e a exposición oral final, polo que tanto os glosarios como o corpus deberán estar en construción permanente dende a primeira sesión ata a última. Os glosarios presentaranse en formato excel con, polo menos, catro columnas: (TO)-definición/ (TM)-definición, Cf. modelo (FAITIC). Deberanse identificar da seguinte forma: APELIDO+NOME_GLOSSAIRE_GLG-FRA APELIDO+NOME_GLOSSAIRE_FRA-GLG APELIDO+NOME_CORPUS1_FR APELIDO+NOME_CORPUS1_GL
Traballo tutelado	O alumno deberá realizar un traballo baixo a supervisión da profesora sobre algunha das dificultades de tradución que aparecerán reflictidas nos glosarios ou/e sobre o mercado laboral. A docente explicará o procedemento e as normas de elaboración do traballo na sesión de presentación da programación. Ver indicacións detalladas no documento que se atopa na plataforma FAITIC
Presentacións/exposicións	Durante as 4 horas dedicadas a este apartado, o alumnado presentará oralmente (exposición de 10-15 minutos) os resultados do seu traballo en francés na clase. O traballo deberá ser presentado tamén en versión papel e en versión electrónica no apartado de exercicios correspondente da plataforma FAITIC
Prácticas autónomas a través de TIC	Durante as prácticas autónomas a través de TIC, o alumnado coñecerá as bases de datos e recursos necesarios para a realización dos exercicios e/ou tradución dos textos de carácter económico e financeiro.

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Traballo tutelado	Prestarase unha atención personalizada ao alumnado nas sesións presenciais ou en titorías e, por motivos xustificados, de forma telemática. Para o seguimento do curso utilizarase a plataforma TEMA: http://faitic.uvigo.es
Presentacións/exposicións	As actividades propostas implican unha atención personalizada que se realiza nas sesións presenciais ou en titorías. Para o seguimento do curso utilizarase a plataforma TEMA: http://faitic.uvigo.es
Prácticas autónomas a través de TIC	As actividades propostas implican unha atención personalizada que se realiza nas sesións presenciais ou en titorías. Para o seguimento do curso utilizarase a plataforma TEMA: http://faitic.uvigo.es
Probas	**Descrición**
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Prestarase unha atención personalizada ao alumnado tanto na aula como en titorías de forma presencial e, por motivos xustificados, de forma telemática. Para o seguimento do curso utilizarase a plataforma TEMA: http://faitic.uvigo.es

Probas de resposta curta	Prestarase unha atención personalizada ao alumnado tanto nas sesións presenciais como en titorías. Para o seguimento do curso utilizarase a plataforma TEMA: http://faitic.uvigo.es

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Lección maxistral	A avaliación das sesións maxistrais permitirá coñecer a competencia acadada polo alumnado no referente aos conceptos teóricos da materia. Poderase avaliar o alumnado, ben mediante un exame (NON ASISTENTES), ben mediante a encomenda de resumos ou crítica de artigos ou de forma oral (ASISTENTES).	10	A1 A2 A3	C8 C13	
Resolución de problemas	Neste apartado avaliaranse todo tipo de exercicios relacionados coa competencia lingüística e tradutora. Poderán ser exercicios que traten dificultades de tradución, análises de tradución, revisións de traducións... Terase en conta a calidade lingüística dos textos producidos polo alumnado. Deberanse entregar na plataforma FAITIC e en versión papel todas as traducións debidamente revisadas con control de cambios e identificadas da seguinte forma: APELIDO+NOME+TÍTULO DOC V/TH Ao tempo que se realizan exercicios de tradución o alumnado deberá elaborar 2 Glosarios (directa e inversa) que deberán estar en permanente construción dende a primeira ata a última sesión e avaliaranse dentro do apartado de presentacións e exposicións.	20	A1 A2 A3	C4 C5 C8 C22	D4
Presentacións/exposicións	O alumnado deberá presentar oralmente, e de xeito individual o último día de clase, un traballo que versará sobre algún problema de tradución (terminolóxico ou conceptual) encomendado a comezos de curso. 2 corpus formados por textos traducidos e textos paralelos dos que se extraerán as unidades terminolóxicas para elaborar 2 glosarios (directa e inversa) servirán de ferramenta para a elaboración do devandito traballo.	25	A1 A3 A4		D22
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Neste apartado, o alumnado recibirá 1 texto para cada combinación (directa 20% e inversa 20%) para ser traducido que tente simular situacións reais de traballo. As probas realizaranse na aula e na data oficial publicada na web da FFT (duración de 1 h 50' cada unha) e/ou fóra dela se se trata dunha encomenda de tradución que se lle entregará ao alumnado nas condicións fixadas pola profesora e na data oficial publicada na web da FFT.	40	A1 A2 A3 A4	C5 C8 C26	D8
Probas de resposta curta	O alumnado deberá ler un libro sobre economía obrigatorio (cf. Bibliografía) que será avaliado na proba oral en francés o último día de clase (ASISTENTES) ou no exame de avaliación única para o caso do alumnado non asistente.	5	A1 A2 A3	C26	

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado deberá informar á docente nas dúas primeiras semanas de clase a súa elección de acollerse á avaliación continua ou non. O alumnado que se acolla a avaliación continua deberá entregar os exercicios e traducións nos prazos marcados pola profesora. O alumnado que non cumpra cos prazos marcados pasará automaticamente a avaliación única.

O alumnado que se acolla á avaliación continua e obteña unha cualificación de suspenso deberá presentarse á convocatoria extraordinaria de xullo (data oficial publicada na páxina web da FFT) nas condicións que se especifican a continuación:

1. Proba oral en francés para amosar os seus coñecementos da linguaxe económica tanto da lingua de partida como de chegada, sobre teoría, lecturas e artigos do curso: 20% da nota

2. Tradución directa e inversa con tempo limitado (2 probas de 1h 50' cada unha): 20%+20% da nota. Non se poderá usar material auxiliar se se trata dunha carta comercial (inversa). Data oficial publicada na web da FFT

3. 2 encomendas de tradución comentadas (unha directa e outra inversa) que recibirá o alumnado o día da proba na aula (data oficial publicada na web da FFT) para entregar segundo as condicións especificadas nas encomendas nun máximo de 4 días naturais: 20%+ 20% da nota.

Será preciso aprobar cada unha das probas para poder facer a media (mínimo 5/10). O plaxio será motivo de

suspenso

1ª EDICIÓN DE ACTAS (MAIO) E 2ª EDICIÓN DE ACTAS (XULLO) PARA NON ASISTENTES (VER DATA OFICIAL PÁXINA WEB FFT)

O alumnado que non se acolla á avaliación continua presentarase na data indicada na páxina web da FFT para realizar as probas correspondentes que consistirán en:

1. Proba oral en francés para amosar os seus coñecementos da linguaxe económica tanto da lingua de partida como de chegada, sobre teoría, lecturas e artigos do curso: 20% da nota

2. Tradución directa e inversa con tempo limitado (2 probas de 1 h 50' cada unha): 20%+20% da nota. Non se poderá usar documentación se se trata de carta comercial (INVERSA) e o tempo só será de 1 hora.

3. 2 encomendas de tradución con comentario (unha directa e outra inversa) que recibirá o alumnado na data oficial publicada na web da FFT e que deberá entregar segundo as condicións especificadas nas encomendas nun máximo de 3 días naturais: 20%+ 20% da nota.

Será preciso aprobar cada unha das partes especificadas para poder facer a media (mínimo 5/10). O plaxio será motivo de suspenso

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, Áurea, **La bolsa y su entorno en España y Francia Descripción, glosario y léxico/Le monde de la bourse en Espagne et en France. Description, glossaire et lexique,**, Toulouse: Presses universitaires du Mirail (Col. Amphi 7),,

Bibliografía Complementaria

Bureau de la Traduction,, **Le guide du rédacteur.**, 2e édition.,

GUIBERT, R, **Le nouveau code typographique**, Paris: Fédérationde la communication CFC/CGC,,

RAMAT, Aurel,, **Le Ramat de la typographie .**, Édition 2005 conformeaux deux orthographes, Montréal: Aurel Ramat, 2004.,

LECTURA OBRIGATORIA,

As demáis ferramentas indicaranse coas actividades na aula,

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Introdución aos ámbitos de especialización para a tradución e a interpretación e aspectos profesionais da tradución/V01G230V01621